



Concello de Vigo

D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2019**, adoptou o seguinte acordo:

11.- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO, A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS E DA FEDERACIÓN DE PEÑAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DO ENTROIDO 2019 E PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS. EXPTE. 7844/335.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, de data 12/02/19, e o informe de fiscalización do 13/02/19, dáse conta do informe-proposta do 12/02/19, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Festas e Turismo, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Servizo de Festas da concellería de Festas e Turismo está a traballar na organización do **Entroido 2019**, que terá lugar na nosa cidade entre os días 1 e 6 de marzo, segundo a programación que consta neste expediente anexo II.

Por este motivo, con data 18 de xaneiro de 2019, a Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que se iniciase un expediente necesario para a concesión da subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e da Federación de Peñas recreativas “El Olivo” por importe de 85.000 € (oitenta e cinco mil euros)” para a organización do ENTROIDO 2019.

Dende o ano 1996, véñense realizando con ambas as dúas entidades convenios para o mesmo fin, así como similares, cun resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

A xustificación desta subvención nominativa vén dada na propia lexislación vixente, concretamente nos artigos 25.2. m,72 e 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, no que se fai referencia a que o municipio no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades culturais que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como que as entidades locais deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños; e á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais. As dúas entidades asociativas propostas aglutinan a maior parte do movemento asociativo da nosa cidade nos ámbitos sectoriais da cultura e das peñas recreativas.

Así mesmo no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 1 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AHAH4F-E42BEF-EC2F31-3CFSM6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O expediente de referencia ten por obxecto a concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo que se formalizará a través dun convenio.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar a subvención que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A proposta do texto do convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público e que permiten regular os termos da concesión.

O réxime xurídico de aplicación da presente subvención de carácter nominativa atenderá ao previsto nos artigos 22.2.a e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007.

O presuposto total da achega ascende, segundo o detalle presentado pola comisión organizadora e que figura como Anexo III, a 121.000 euros, que incluírá todos os gastos que se xeren como consecuencia da programación que figura no Anexo II, e premios dos concursos recollidos nas bases deste expediente.

No vixente programa orzamentario na aplicación 3380.480.0002 (convenio organización entroido) se prevé a concesión nominativa e directa dunha subvención por importe de 85.000 €, para organización do Entroido 2019.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” e Agrupación de Centros Deportivos e Culturais non están incursas en prohibición para ser beneficiarias das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchanse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teñen débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 7844-335

De conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da concesión da subvención nominativa, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do que antecede, e coa conformidade da Concelleira de Festas e Turismo e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda, e tras os informes favorables xurídico e da Intervención Xeral, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 2 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AHAH4F-E42BEF-EC2F31-3CFSM6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

PROPOSTA.

1º.- Outorgar unha subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 e da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF- G-36.704.666, para a organización dos actos do Entroido 2019, de conformidade co texto do convenio adxunto ao expediente.

2º.- Aprobar as bases técnicas de participación e convocatorias no concurso de comparsas e carrozas, así como os concursos de disfraces da edición do Entroido 2019.

3º Aprobar a programación dos actos do Entroido 2019.

4º.- Autorizar un gasto total de 85.000,00 euros, con cargo á aplicación 3380.480.0002 (convenio organización entroido) do programa orzamentario do Servizo de Festas do vixente exercicio a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 por importe de 44.225,00 € (corenta e catro douscentos vinte cinco) e á Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" por importe de 40.775,00 € (coarenta mil setecentos setenta e cinco).

5º .- Autorizar un pago anticipado por importe de 22.112,50 € (vinte dous cento doce con cincuenta) do concurso de comparsas e carrozas recollidos no anexol deste convenio a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 na conta nº IBAN ES4

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO PARA REGULAR OS TERMOS DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA ENTRE O CONCELLO DE VIGO, A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO" PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO ENTROIDO 2019.

Vigo, de xaneiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015, e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

D. ROBERTO GIRÁLDEZ BARBEITOS presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS, CIF. G-36.791.291, enderezo social na rúa Ecuador nº 34 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente.

E doutra, D. CAMILO PAIS MARTÍNEZ, como presidente da Federación de Peñas recreativas "El Olivo", CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente.

En adiante, estas dúas últimas denominaranse "COMISIÓN ORGANIZADORA".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 3 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AHAH4F-E42BEF-EC2F31-3CFSM6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Intervindo as partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non teren limitada, para o outorgamento do presente Convenio

MANIFESTAN

1. Que o **Entroido** é un dos eventos festivos populares máis participativos e de maior arraigo na cidade de Vigo, no que a cidadanía toma a cidade como protagonista e a rúa como espazo privilexiado das festas.

2. Que o Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos un labor importante de recuperación e impulso desta festividade, mediante a programación de actividades de animación socioculturais diversas, de concursos de comparsas e carrozas, e disfraces, carreira popular do Entroido; cun amplo programa de actuacións musicais, animación infantil; pregón, queima do meco, etc..

3. Que no **Entroido** participan activamente e de forma intensiva diversas entidades con carácter cultural, social e veciñal, aspecto que vén recollido na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

4. Que dende o ano 1996 estanse a asinar convenios entre estas entidades e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas as partes. Por todo isto, as entidades que forman a COMISIÓN ORGANIZADORA amósanse interesadas e dispostas a organizar a programación da presente edición do **Entroido** na cidade de Vigo.

5. Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.480.0002 (convenio Entroido), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 85.000,00 (oitenta e cinco mil) euros para a organización do Entroido 2019.

6. Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución do **Entroido 2019**, que se desenvolverá entre os días 1 e 6 de marzo en diversos puntos da cidade.

7. Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

8. Que a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais non están incursas en prohibición para ser beneficiarias das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchanse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teñen débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente de referencia.

Polo que, en consideración ao antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 4 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AH4H4F-E42BEF-EC2F31-3CF5M6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a organización da programación do “**ENTROIDO 2019**” que se oferta á cidade de Vigo, segundo programa das actividades e bases dos diferentes concursos que forman parte do expediente nº 7844-335.

Segunda.- A programación do **ENTROIDO 2019** levarase a cabo na cidade de Vigo nos días e lugares que aparecen na devandita programación: do venres, 1 de marzo ao mércores, 6 de marzo de 2019.

A tal fin a produción destas actividades deberá suxeitarse ás normas e procedementos que se establecen na programación e bases dos concursos, cumprindo en todo momento os principios de publicidade e concorrència.

Terceira.-

1º.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” e á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, unha subvención por importe de **85.000,00 euros** para o desenvolvemento das actividades do ENTROIDO 2019, que se financiará con cargo aos créditos consignados no programa orzamentario da Concellería de Festas, na aplicación 3380.480.0002 (convenio entroido), do exercicio económico do 2019. A desagregación deste orzamento figura no anexo III deste convenio, segundo o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.

2º.- O CONCELLO DE VIGO aboará a cantidade de 85.000 € como contrapartida deste convenio, previa presentación da correspondente solicitude de pagamento, memoria final das actividades asinadas por ambas as dúas entidades, e certificado de conformidade do cumprimento asinado polo persoal técnico da Concellería de Festas e Turismo, conforme ao seguinte:

a) Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 a cantidade de 44.225,00 € (corenta e catro mil douscentos vinte e cinco euros) conta nº IBAN ES42 2080 5027 2130 4002 2883 domiciliada na entidade ABANCA, da que é titular a entidade.

b) A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36.704.666 a cantidade 40.775,00 € (corenta mil setecentos setenta e cinco euros) na conta nº IBAN ES09 2080 5077 9330 4001 6285 domiciliada en ABANCA, da que é titular a entidade.

3º.- O Concello de Vigo aboará á sinatura do convenio á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 na conta nº IBAN ES42 2080 5027 2130 4002 2883 domiciliada na entidade ABANCA, da que é titular a entidade, a cantidade de 22.112,50 € (vinte dous cento doce con cincuenta). Este anticipo é necesario para poder levar a cabo o pagamento dos premios que ascenden a un total de 26.770 €, e queda condicionado á presentación e conformidade dos documentos orixinais que xustifiquen a realización da actividade, tal e como se recolle no artigo 34.4. da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e na base 38.7 das de execución do orzamento xeral.

Cuarta.-

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a COMISIÓN ORGANIZADORA está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 5 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AH4H4F-E42BEF-EC2F31-3CF5M6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2019, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
- b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:
 - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
 - Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
 - Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
 - As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
 - De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 6 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AHAH4F-E42BEF-EC2F31-3CFSM6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

No caso de que a Comisión organizadora se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe as Entidades se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quinta.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e que se atopan recollidos no anexo II ao convenio, e se realicen no exercicio económico do convenio.

Sexta.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Sétima.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitava.- A produción e difusión de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas integramente polo Concello de Vigo.

A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Festas e Turismo.

Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utilizar o galego para dirixirse ao público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumprir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística.

Novena.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 7 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AHAH4F-E42BEF-EC2F31-3CFSM6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Décima.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Décimo primeira.- Estabéllese a seguinte composición da comisión ORGANIZADORA, os cales serán os únicos interlocutores válidos da mesma xunto ó persoal técnico da Concellería de Festas e Turismo:

Pola Agrupación de Centros deportivos e Culturais: o interlocutor titular don Roberto Giráldez Barbeitos e o interlocutor suplente: don Pablo Moreiras González.

Pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”: o interlocutor titular don Camilo País Martínez e o interlocutor suplente: D. Raul Vila Caride

Así mesmo, forman parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento o persoal técnico da Concellería de Festas e Turismo.

Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión ORGANIZADORA estará en permanente contacto co responsable da empresa contratada para a realización e coordinación do Plan de Autoprotección e medidas de Emerxencia para as actividades do Entroido 2019, así como con todo o persoal despregado, membros de Policía Local, Protección Civil, e servizos de primeiros auxilios presentes.

Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico do servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo. Para facer posíbel este cometido, a organización deberá dispor dun mínimo de dez intercomunicadores ao seu cargo, ademais de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da actividade.

Coa periodicidade necesaria, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estableceranse as reunións necesarias co obxecto de concretar os criterios organizativos para o desenvolvemento dos eventos e entrega da información escrita precisa acerca da organización dos mesmos.

A comisión presentará na Concellería de Fesas e Turismo nos tres días hábiles seguintes á finalización do programa, un informe das posíbeis incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

Décimo segunda.- As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:

1. Planificación, seguimento, execución e produción integral do programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto, e que foi confeccionado pola comisión organizadora.
2. Achegar a información sobre os tipos de espectáculos e actividades previstos e realizar unha previsión aproximada de asistencia do público.
3. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.
4. En canto a instalación e montaxe das infraestruturas necesarias, deberán ter declaración de conformidade do fabricante CE e copia da documentación da ITV conforme,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 8 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AHAH4F-E42BEF-EC2F31-3CFSM6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

correspondente a escenarios móbiles ou documento análogo acreditativo do estado de idoneidade do mesmo (asinado polo técnico competente).

5. Boletíns eléctricos de instalación (asinados polo técnico competente).
6. Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios. Así mesmo terán que nomear os/as “Xefes/as de Equipo” encargados da coordinación das persoas voluntarias inscritas na Oficina Municipal de Voluntariado, (ata oito xefes de equipo por entidade). Con respecto as persoas voluntarias terán que estar rexistrados na Oficina Municipal de Voluntariado. Así mesmo levarán durante o desenvolvemento das actividades nas que participen, en concreto durante o concurso de comparsas e carrozas do día 2 de marzo , o chaleco identificativo da Oficina Municipal de Voluntariado. Tanto o persoal contratado polas entidades, como as persoas voluntarias da Oficina Municipal de Voluntariado terán prohibido o consumo de alcohol e tabaco durante o desenvolvemento das actividades recollidas no programa.
7. Comprobar o día anterior e o mesmo día do desfile do concurso de comparsas e carrozas que a altura da iluminación do Entroido 2019, permite o paso das carrozas e máis de calquera elemento de animación inscritos nas comparsas.
8. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento dos eventos; a comisión ORGANIZADORA entregará ao Concello copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.
9. Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade, especialmente cumprir os requisitos para a tramitación de eventos e festas populares esixidos pola oficina de seguridade e mobilidade trala entrada en vigor da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
10. Cumprimento do establecido no Plan de Autoprotección para o actos do Entroido 2019 ao amparo do previsto no Decreto 171/2010 e RD 393/2007 polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección que esixe o Plan de Autoprección cando o evento popular supere o aforo de 20.000 persoas.
11. Realizar as contratacións necesarias para o desenvolvemento do programa:
 - a) Animacións de rúas (murgas, charangas e grupos de animación)
 - b) Organización da Carreira Popular do Entroido: inscricións, organización, entrega de dorsais, difusión do regulamento, dotación dos medios materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento de evento e pagamento dos premios por categorías.
 - c) Contratación da sinalización e valados de seguridade, cortes de tráfico, estrutura para persoas con mobilidade reducida, punto de encontro de nenos perdidos, megafonía, luces e son, intercomunicadores, plataforma- escenario de 8 x 6 metros como mínimo e calquera outra necesaria para o desenvolvemento do programa.
 - d) Deseño, realización e instalación do Meco.
 - e) Iluminación ornamental para os espazos adicados ao Entroido 2019.
 - f) Escenografía do pregón, sentenza, xuízo, velorio e enterro do Meco.
 - g) Obradoiros e actividades lúdicas da programación infantil.
 - h) Decoración do espazo para o desenvolvemento dos concursos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 9 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AH4H4F-E42BEF-EC2F31-3CF5M6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- i) Servizos de cruz vermella.
- j) Megafonía e iluminación.
- k) Reportaxe fotográfica.l) Agasallos aos membros dos xurados.
- m) Calquera outro gasto necesario para o bo desenvolvemento do programa.

12. Devolver os equipamentos cedidos polo Concello e os lugares onde se desenvolvan as actividades nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión ORGANIZADORA, dentro do período de vixencia do presente convenio.

13. Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico do Servizo de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

14. Asumir todos os seguros relativos ás infraestruturas, actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.

15. Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

16. Presentar na Concellería de Festas e Turismo a memoria de execución, contendo a programación desenvolvida, datos de participación e asistentes, recursos utilizados, avaliación, balance de gastos e ingresos finais, relación detallada dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar, memoria de prensa, rexistros fotográfico e audiovisual, incidencias).

17. Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Festas e Turismo, e respectando a imaxe corporativa do Concello de Vigo.

18. Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación (salvo os concertos que serán por conta do Servizo de Festas)

19. Organizar a distribución dos diferentes elementos que compoñen o desfile-concurso de comparsas, concursos de disfraces infantil e adultos, carreira popular e enterro do Meco nos lugares de concentración e percorrido establecidos.

20. Asumir todos os gastos de produción e entrega dos premios derivados dos diferentes concursos de comparsas, carrozas, disfraces previstos, conforme as bases e que se achega ao expediente e no presuposto anexo I a este convenio.

21. A comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escoller a opción máis vantaxosa, material gráfico, animación infantil e material escenográfico.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 10 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AH4H4F-E42BEF-EC2F31-3CFSM6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Décimo terceira.- As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:

1. O Concello de Vigo comprométese a achegar as cantidades mencionadas na cláusula terceira puntos 1, 2 e 3, para financiar a realización do programa do ENTROIDO 2019, segundo o presuposto que figura no anexo III.
2. O servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo xestionará a presenza do persoal dos diferentes servizos municipais necesarios para a produción dos eventos, en particular os servizos de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros, así como a xestión de todas aquelas accións que se derivan da reserva das instalacións municipais necesarias. Así mesmo o servizo de Festas terá contratado un Plan de Autoprotección e de Medidas de emerxencias para o desenvolvemento da programación do **Entroido 2019**.
3. Determinará os xurados dos concursos de comparsas e facilitará na medida do posíbel a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO 2019 recollida na programación.

Décimo cuarta.- A participación en todas as actividades previstas no programa do Entroido 2019 serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose unicamente ao aforo dos recintos e espazos onde se leven a cabo.

Décimo quinta.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Festas e Turismo nas propias actividades que se determinen.

Décimo sexta.- As entidades beneficiarias poderán subcontratar con terceiros ata un porcentaxe máximo do 70% do importe da actividade subvencionada.

Décimo sétima.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2019 e non será prorrogábel.

Décimo oitava.- A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo novena.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir as entidades beneficiarias da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésima. – As entidades beneficiarias están informadas de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 11 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AH4H4F-E42BEF-EC2F31-3CF5M6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2017, Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro, De Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitaus, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésima primeira.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo segunda.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO 2019.

Primeira.- O Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo e a Comisión organizadora do Entroido 2019 convocan o tradicional concurso de comparsas e carrozas que se realizará **o sábado 2 de marzo**, dentro do programa de actividades e espectáculos do **Entroido 2019**. Neste concurso so poderán inscribirse aquelas comparsas integradas por un mínimo de 35 persoas.

Segunda.- As persoas físicas poderán presentar as súas solicitudes de inscrición a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei, 1) en horario de 09:00h a 13:30h, de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16,4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), ou a través de medios electrónicos, en base ao establecido no artigo 14, apartado 1) da mesma Lei que indica “as persoas físicas poderán elixir en todo momento si se comunican coas Administracións Públicas para o exercicio dos seus dereitos e obrigas a través de medios electrónicos”.

As persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica en cumprimento do establecido do no artigo 14.1.2. da devandita Lei terán que presentar as solicitudes de inscrición a través da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 12 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AH4H4F-E42BEF-EC2F31-3CF5M6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Sede electrónica do Concello de Vigo (sede.vigo.org), en impreso normalizado para este fin. No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa corrección mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a corrección.

O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte da publicación das bases na web municipal e nos termos previstos na mesma ata o día 26 de febreiro, contado desde o seguinte á publicación desta convocatoria na forma e nos termos previstos na mesma.

Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso

As bases de participación neste concurso publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación locais e estarán a disposición das/dos interesadas/os na oficina de Información municipal, situada na lonxa da Casa do Concello, así como na páxina web municipal www.vigo.org

Terceira.- Os premios establecidos para o concurso serán os seguintes:

PREMIOS XERAIS:

4.1º PREMIO: 3.000,00 €

5.2º PREMIO: 2.500,00 €

6.3º PREMIO: 2.000,00 €

14 ACCÉSIT non acumulables aos tres primeiros premios de:

- 1.000,00 euros para as seguintes comparsas por orde de puntuación.

As comparsas que non resultasen premiadas nin cos tres primeiros premios nin cos accésit recibirán a cantidade de 200 € en compensación dos gastos de desprazamento, ata un máximo de inscrición de 25 comparsas.

Os premios serán indivisibles e algúns deles poderán quedar desertos, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

Os aboamentos dos premios serán tramitados pola comisión organizadora do **Entroido 2019**, constituída pola “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais” e pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” dentro dun prazo máximo de 90 días, unha vez recibida a acta do xurado e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda.

Cuarta.- O número da orde das comparsas inscritas no desfile asignarase mediante sorteo público, que se realizará o **28 de febreiro, luns ás 12:00 horas**, no Auditorio Municipal do Concello (praza do Rei, s/n).

Co obxecto de facilitar a organización deste concurso, resulta conveniente que algún representante de cada comparsa inscrita acuda a este sorteo.

Quinta.- O sorteo para determinar a orde das comparsas realizarase do seguinte xeito:

1.- Sortearanse en primeiro lugar para os primeiros postos do desfile, aquelas comparsas que leven entre os seus compoñentes a dez ou mais persoas con mobilidade reducidas ou en cadeiras de rodas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 13 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AHAH4F-E42BEF-EC2F31-3CFSM6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.- Sortearanse en segundo lugar, para os primeiros postos do desfile as comparsas infantís. Consideraranse infantís as comparsas con máis de 20 nenos/nenas (ata 13 anos).

As comparsas terán que indicar na súa solicitude o número de persoas con mobilidade reducida ou cadeira de rodas e o número de nenos/as que levan entre o total dos seus compoñentes.

3.- Sortearanse a continuación o resto das comparsas inscritas dentro do prazo establecido.

Sexta.- A concentración e o desfile das comparsas inscritas farase o sábado 2 de marzo nos seguintes lugares e horas:

► **CONCENTRACIÓN E MONTAXE DO DESFILE (17:00 horas):** Avda. de García Barbón entre a rotonda de Julian Estevez e a rotonda de Isaac Peral.

► **DESFILE (18:00 horas):** percorrido de Avda. de García Barbón (dende rotonda Isaac Peral), rúa Policarpo Sanz, Porta do Sol (remate).

As carrozas participantes terán que estar no lugar de concentración e montaxe do desfile a hora sinalada 17,00 horas).

Aquelas comparsas que cheguen máis tarde das 17,30 horas terán que desfilan no último lugar. Así mesmo, as comparsas que pola razón que sexa, cheguen despois das 18,00 horas quedarán fóra do concurso e non poderán ser valoradas polo xurado, mais poderán participar no último lugar do desfile, se o desexan.

Dous membros da organización do Entroido 2019 recollerán a hora de chegada de cada comparsa nun acta que será entregada ao xurado antes do comezo do desfile.

Sétima.- As carrozas participantes no desfile de comparsas non poderán exceder das seguintes dimensións, sen contar a cabeza tractora:

Longo: 8'00 m. / Ancho: 3'50 m. / Alto: 4'00 m.

Terán que levar obrigatoriamente un extintor de incendios na cabeza ou vehículo tractor.

Dous membros da organización do Entroido 2019 recollerán as medidas de cada carroza nunha acta que lle será entregada ao xurado antes do comezo do desfile. En caso de que algunha das carrozas participantes incumpra as anteditas medidas quedarán excluídas directamente do desfile.

Así mesmo, e co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente, o persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o seu posto da orde a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas...).

Dous membros da organización comprobarán a altura do alumbrado instalado no percorrido con motivo do Entroido e calquera outro elemento do percorrido que poida interferir no correcto desenvolvemento do desfile, co obxecto de garantir a seguridade dos participantes e do público asistente.

Oitava.- Os criterios de valoración do concurso serán determinados polo xurado, que estará composto por:

PRESIDENCIA: Concelleira de Festas e Turismo ou persoa en quen delegue.

VOGALÍAS: Dúas persoas vinculadas ás artes creativas, medios de comunicación, cultura, etc., e un membro da comisión organizadora do Entroido 2018.

SECRETARÍA: un/ha técnico/a da Concellería de Festas e Turismo con voz e sen voto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 14 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AHAH4F-E42BEF-EC2F31-3CFSM6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas avaliación e cualificacións, pero deberá prestar atención a cuestións como: número de membros, vestiario, orixinalidade, coreografías e presenza de elementos complementarios como carrozas, harmonía, simpatía, etc.

As persoas membros do xurado avaliarán as comparsas participantes no desfile dende diferentes puntos do percorrido sen determinar, non haberá un palco de xurado.

Novena.- As comparsas inscritas deberán participar o día 2 de marzo, sábado no desfile de comparsas e carrozas, e poderán participar no cortexo de acompañamento as cinzas do Meco o día 6 de marzo, mércores.

Décima.- A decisión do xurado publicarase mediante a lectura da acta ao remate do sepelio do Meco que terá lugar na Porta do Sol o mércores 6 de marzo ás 19:30 horas.

Será obrigatoria a presenza dalgunha persoa membro de cada comparsa participante no concurso do día 6 de marzo, durante a lectura da acta dos premios. A non presenza desta implicará a renuncia ao premio.

Décimo primeira.- As comparsas inscritas non poderán levar ningún tipo de publicidade, nin lendas que conteñan mensaxes que atenten contra os principios constitucionais, os dereitos humanos ou a lexislación vixente.

Décimo segunda.- A concelleira de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

Décimo terceira.- Os datos das persoas solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento do concurso de comparsas e carrozas obxecto das presentes bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación do concurso e demais actuacións previstas nestas bases.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Festas.

Os beneficiarios poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Décimo cuarta.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión derivada da aplicación dos criterios de avaliación do xurado é inapelable.

PROPOSTA DE PROGRAMA ENTROIDO 2019

Vigo, do 1 ao 6 de marzo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/05/2024 06:31

Páxina 15 de 18

SUBVENCIONS

CSV: AHAH4F-E42BEF-EC2F31-3CFSM6-1QPSA4-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Venres, 1 DE MARZO

ANIMACIÓNS DE RÚA

Lugar: rúa do Príncipe e Porta do Sol.
Horario: das 18:00 ás 20:00 horas

ENTRONIZACIÓN DO MECO

Lugar: Porta do Sol
Horario: 20:00 horas

CONCERTO INAUGURAL DO ENTROIDO:

Lugar: Escenario da Porta do Sol.
Horario: a continuación da Entronización do Meco.

Sábado, 2 DE MARZO

ANIMACIÓNS DE RÚA

Percorrido: rúa do Príncipe e Porta do Sol.
Hora: 17:00 ás 18:00 horas

DESFILE-CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS

Lugar de concentración: Avda. García Barbón (entre Julián Estévez e Isaac Peral)
Hora de concentración: 17:00 horas
Hora de saída do desfile: 18:00 horas
Percorrido: Avda. de García Barbón (dende a rotonda de Isaac Peral), Policarpo Sanz e Porta do Sol (remate).

ACTUACIÓN ARTÍSTICA:

Lugar: Porta do Sol
Hora: de 22:30 a 00:00 horas

Domingo, 3 DE MARZO

MERDEIROS

Lugar: Centro Histórico.
Horario: mañá e tarde.

CARREIRA POPULAR

Modalidades: Infantil, adulto e veterano.

Horario infantil: a partir de 10:00 horas.

- Itinerario Infantil: rúa Príncipe

Horario Adulto e Veterano: 11:00 horas.

- Itinerario Adulto e veterano: Porta do Sol (saída), rúa Elduayen, Paseo de Alfonso XII, rúa Pi y Margall, rúa López de Mora, avenida Camelias, rúa Romil, rúa Cachamuíña, Ronda de Don Bosco, rúa Progreso, rúa Doutor Cadaval e Porta do Sol (remate).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 16 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AHAH4F-E42BEF-EC2F31-3CFSM6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

ANIMACIÓN DE RÚA

Percorrido: rúa do Príncipe, Porta do Sol e praza da Princesa.

Hora: 17,00 a 19:00 horas.

ACTUACIÓN INFANTIL:

Lugar: Porta do Sol

Hora: 17:00 horas

CHOCOLATADA INFANTIL

Lugar: Porta do Sol

Hora: 18,00 horas

Luns, 4 DE MARZO

ENTROIDO INFANTIL

OBRADOIROS E ANIMACIÓNS INFANTÍS:

Lugar: rúa do Príncipe (diante da escalinata do MARCO)

Hora: das 17:00 ás 20:00 horas

CHOCOLATADA INFANTIL

Lugar: rúa do Príncipe (diante da escalinata do MARCO)

Hora: 18,00 horas

Martes, 5 DE MARZO

MERDEIROS

Lugar: Centro Histórico.

Horario: mañá e tarde.

CONCURSO DE DISFRACES MODALIDADE INFANTIL E ADULTOS. GRUPOS E INDIVIDUAL ANIMACIÓN MUSICAL CON DJ E ANIMADOR

Lugar: rúa do Príncipe, diante da escalinata do MARCO (no espazo delimitado para o concurso)

- Modalidade infantil individual e grupos

Horas: A partir 16:30 inscrición. Concurso 17:30 horas

- Modalidade adulto individual e grupos.

Horas: A partir 17:30 inscrición. Concurso 18:30 horas

ACTUACIÓNS GRUPOS DE VIGO.

Lugar: Porta do Sol

Horas: 1º GRUPO de 21:30 a 22:30 horas / 2º GRUPO de 23:00 a 00:00 horas

QUEIMA DO MECO.

Lugar: Porta do Sol

Hora: 22:30 horas



Mércores, 6 DE MARZO

EXEQUIAS FUNERARIAS SOLEMNES DAS COMPARSAS E ACOMPAÑAMENTO DA COMITIVA

Lugar: Porta do Sol.

Hora: 18:00 horas

Percorrido: Porta do Sol, rúa do Príncipe, rúa de Colón e rúa de Policarpo Sanz (remate: Porta do Sol).

Hora: 18:30 horas

SEPELIO DO MECO

Lugar: Escenario da Porta do Sol

Hora: 19:30 horas

OFICIOS LAICOS: responsos e sermóns.

LECTURA DA ACTA DO XURADO E ENTREGA DOS PREMIOS DOS CONCURSOS DE COMPARSAS E CARROZAS.

CLAUSURA DO ENTROIDO.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Alvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 06:31	Páxina 18 de 18
SUBVENCIONS	CSV: AHAH4F-E42BEF-EC2F31-3CFSM6-1QPSA4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		